

# Compromisos Educativos

## CPR NEBRIJA-Alumnado

Sobre a base da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación. Artigo 121.5 que di: *“los Colegios promoverán compromisos educativos entre las familias/tutores legales y el propio Colegio en los que se consignan las actividades que padres, profesores y alumnos se comprometen a desarrollar para mejorar el rendimiento académico del alumnado”* o CPR NEBRIJA TORRE DE HÉRCULES de A Coruña redacta este documento co obxectivo de INFORMAR ás familias dos seus dereitos e deberes e implicalos no seu cumprimento.

### **Compromisos Educativos por parte do Centro Educativo:**

1. Velar que se garantan todos os dereitos e deberes do alumnado, da comunidade educativa e a participación das familias no Centro Educativo.
2. Impartir os currículos en cada un dos ciclos seguindo as instrucións das Administracións Educativas .
3. Promover unha ensinanza integrando valores e atendendo as necesidades educativas do alumnado.
4. Tutorizar cada un dos grupos para promover un seguemento individualizado do alumnado para que cheguen a acadar os obxectivos dos módulos e dos ciclos.
5. Informar e facilitar ás familias/alumnado o Proxecto Educativo, as Programacións e a Normativa de Réxime Interno.
6. Manter unha comunicación constante coa familia e/ou alumnado:
  - a. Informando sobre o rendemento académico, o proceso educativo, as calificacións e procesos de avaliación.
  - b. Informando sobre as ausencias non xustificadas, os procedementos de perda de avaliación continua e baixas de oficio.
  - c. Escoitando ás familias e/ou alumnado nos asuntos relacionados coa relación do Centro Educativo para garantir unha boa convivencia escolar.
  - d. Atender as peticións de entrevista por parte da familia nun breve espazo de tempo.
7. Garantir a confidencialidade sobre a protección de datos do alumno/a.
8. Velar polo alumnado no seu aproveitamento nas prácticas da FCT nas empresas, facendo unha selección adecuada ao perfil individual do alumno/a que repercuta nun eficiente aprendizaxe e promova a incorporación laboral.
9. Organizar espazos, tempos, recursos, gardas do profesorado, actividades complementarias e extraescolares co primeiro obxectivo de benestar do alumnado.
10. Orientar ao alumnado no seu progreso no ciclo, na súa carreira educativa e laboral.

# Compromisos Educativos

## CPR NEBRIJA-Alumnado

11. Poñer a disposición do alumnado os recursos necesarios para actualizarnos continuamente no proceso educativa (aulas virtuais, dixitalización do proceso de aprendizaxe, etc.)

### Compromisos Educativos por parte do alumnado/familias:

1. Respetar o carácter propio do Centro Educativo, a normativa de Réximen Interno e recoñecer a autoridade e as competencias profesionais do profesorado e do Equipo Directivo.
2. Utilizar as canles de comunicación postas a disposición polo Centro Educativo.
3. Informar ao centro educativo dos asuntos que poidan implicar riscos para o alumnado ou resto de membros da comunidade educativa (por exemplo enfermidades ou resolucións xudiciais que requiran alerta e toma de medidas por parte do centro educativo.
4. Respetar o traballo do profesorado e dos profesionais e persoal traballador do Centro Educativo e absterse de facer comentarios que menosprecien a integridade moral dos mesmos e a imaxe do centro. Os desacordos e discordancias que provoquen conflitos se resolverán no centro educativo a través das entrevistas que serán atendidas na menor brevedad posible.
5. Coidar o material común, as instalacións e recursos materiais a disposición do alumnado.

En A Coruña, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2020.

Asdo Alumnado/familia

Asdo Dirección do Centro Educativo

---

---